

Escavación arqueolóxica e consolidación no xacemento de Castelo da Lúa, Rianxo (A Coruña)

ANDRÉS BONILLA RODRÍGUEZ

Antiga fortaleza medieval coñecida como Castelo da Lúa sitúase no concello de Rianxo (A Coruña), parroquia de Santa Comba.

Este xacemento localízase no litoral da Ría de Arousa, nun promontorio rochoso orientado ao noroeste coñecido como Punta do Pazo, pechando o esteiro formado pola desembocadura do río Té na ría. Situado a 1 km da capital municipal, o seu acceso realízase pola estrada Rianxo-Burés, atravesando o lugar de Pazo ata chegar á liña de costa.

Remocións de terras efectuadas para a construción do paseo marítimo peonil de Rianxo en 1999 exhumaron nesa zona do litoral algúns restos atribuíbles a unha fortaleza medieval, cuxa existencia estaba confirmada por fontes documentais de época medieval e moderna.

Con obxecto de documentar os restos da fortaleza que puidesen conservarse, en 2001 realizouse unha escavación arqueolóxica en área centrada fundamentalmente nas zonas media e oeste da punta rochosa, onde se previu que as obras do paseo marítimo tivesen maior incidencia. A campaña de 2001 deixou ao descuberto parcialmente o soar da fortaleza, documentando o trazado de dúas liñas de murallas, a base dunha torre central e restos de paramentos correspondentes a distintos intres de uso.

Na campaña de 2002, os traballos de retirada de entullos estendéronse ás zona sur e sueste do promontorio, co baleirado do foxo que separa a fortaleza do litoral costeiro no que esta se localiza.



Restos conservados da torre

Na campaña de 2007, o plan de traballo realizado ampliou de xeito significativo o estudo arqueolóxico do xacemento, procedéndose á limpeza das estruturas descubertas na campaña de 2001 e á escavación dos seguintes ámbitos:

- Escavación da zona sur, correspondente á fachada dianteira e ao espazo existente entre a segunda muralla e o foxo por ese lado.

- Limpeza dos restos localizados na zona media e no lateral oeste do xacemento, así como escavación e consolidación dos restos dun forno cerámico localizado nesa zona.

- Retirada dos testemuños xerados na escavación de 2001 na zona media e norte do sector oeste e limpeza das estruturas xa escavadas nese ámbito do xacemento.

- Escavación do lateral oeste da zona media da fortaleza, coincidente coas derrubas localizadas baixo a pasarela do paseo marítimo correspondentes á muralla interna, continuando cara ao sur a exhumación das defensas parcialmente documentadas en 2001.

- Así mesmo, procedeuse a completar a escavación da zona sueste do edificio, retirando os restos dun perfil de terra conservado na campaña de 2002.

Concluída a terceira campaña de escavación do xacemento, os traballos arqueolóxicos realizados permiten establecer as seguintes conclusións:

O edificio da fortaleza posuía unha forma trapezoidal, adaptada á configuración do promontorio rochoso onde se situaba. Os restos documentados sinalan a existencia dunha muralla exterior, hoxe desaparecida, que bordeaba o acantilado inmediato á liña de costa, reforzada ao sur por un foxo de acceso, e unha segunda muralla que delimitaba o recinto interno.

Traspasada a fachada dianteira dispónse un patio de armas, de 6 m de anchura, que dá acceso a un edificio central, de forma rectangular e dotado de dous baluartes laterais de planta trapezoidal, acaroados a unha torre de planta cuadrangular e 11 m de lado.

A zona posterior da fortaleza consiste nun patio con dependencias acaroadas ao lado oeste da muralla, realizadas mediante un muro medianeiro que atravesa o patio de norte a sur e paramentos transversais de separación.

Xunto a estruturas realizadas en cantaría de granito e cimentadas na rocha, identificables coa fábrica orixinal do edificio, aparecen restos de paramentos construídos con material de cantaría reutilizado, montados en ocasións



Vista aérea dos restos da fortaleza

sobre niveis produto da derruba de fases construtivas anteriores. Así mesmo, a existencia de estruturas realizadas en cachotaría, apoiadas sobre os restos de fábrica da fortaleza ou sobre os niveis de derruba asociados, indican a existencia de construcións menores produto dunha utilización residual do castelo posterior ao seu abandono.

Na campaña de 2007 realizouse a análise radiocarbónica de dúas mostras, datadas ambas na segunda metade do século XIV, pertencentes, respectivamente, aos restos queimados de construcións de madeira apoiadas no lateral leste da segunda liña defensiva e ao nivel de incendio da torre da homenaxe. As dúas deben ser consideradas como datas *post quem*, documentando o último episodio construtivo anterior á destru-

ción corroborada polos niveis de incendio vinculados coa crise da fábrica primitiva.

A análise do rexistro cerámico amplía substancialmente a cronoloxía do xacemento, mostrando a existencia de dous grandes grupos a nivel xeral: a cerámica gris medieval e a cerámica de época moderna, coa súa correspondente etapa de transición.

Así mesmo, varios dos restos documentados, entre os que destaca a aparición dun forno cerámico cuxa última cocción foi datada radiocarbónicamente na segunda metade do século XVIII d.C, documentan que a ocupación da fortaleza se prolongou, xa sen fins militares, polo menos ata esa época. □